

13 xuro

AS ALAMEDAS COMO ESPAZOS URBANOS

1. **Despois de ler a información, dá unha definición de alameda.**

As alamedas son un xardín público no que as árbores xogan un papel esencial ao ordenar o espazo para que sexa percorrido lonxitudinalmente, estimulando e delimitando o movemento dos seus visitantes ao espazo marcado polo eixe do paseo.

2. **Cal é a función que cumpren estes espazos?**

Permiten conquistar un espazo, pouco urbanizado por distintas causas para a edificación e para a expansión das zonas habitadas. Supoñen a conquista dun espazo desordenado.

3. **Segundo algúns autores, o precedente máis inmediato das alamedas españolas está nos Países Baixos e na cidade italiana de Lucca. Que papel cumpría aí a presenza das árbores?**

A vexetación servía para fixar o terreo.

4. **Que monarca español foi impulsor da creación das alamedas nalgunhas cidades españolas?**

Felipe II

5. **Onde están as alamedas máis antigas de España?**

En Úbeda (1550), Madrid (Paseo do Prado, 1578), Sevilla (alameda de Hércules, 1574), Valladolid (Nosa Señora do Prado, 1603), Segovia, Jaén, Baeza e Cazorla.

6. **Que importancia dan na Antigüidade Clásica aos espazos con árbores?**

As primeiras reflexións documentadas sobre o valor das árbores e os bosques corresponde á Antigüidade. Os gregos e romanos admiraban o gran tamaño das árbores e se ofrecían como ofrenda aos deuses. A árbore foi considerada polo seu lento crecemento ata acadar o seu extraordinario tamaño, polos seus gratificantes efectos sensoriais e pola súa permanencia no mesmo lugar como testemuña muda dos avatares mundanos.

7. **Que actividades adoitan aparecer nestes espazos?**

As alamedas da **Idade Moderna** eran **paseos formados por varias rúas de árbores**. Aquí era posible gozar da **sombra** para distintas actividades, entre elas o exercicio atlético e o adestramento dos cabaleiros; do **descanso** e a contemplación dos ciclos vitais da natureza, que axudaba á relaxación psíquica e ao estudo, pero tamén era o lugar ideal para establecer **múltiples formas de relación social**. Alí acudían os distintos estamentos sociais, reuníndose en torno ao faladoiro e ao son da música. **A chegada do bo tempo, a festa, o mercado e as efemérides eran motivo de reunión social neste espazo.**

8. Onde adoitaban aparecer as alamedas nas cidades? Esta localización que vai propiciar?

As alamedas adoitan situarse **extramuros** (aínda que non sempre), **preto de portas da cidade ou camiños de acceso ou perimetrais** (cando non sobre eles), e o seu uso dótaas dunha vocación propia, na que o espazo aberto da natureza axardinada échese coa presenza humana constante. Neste sentido, as alamedas cumpren tamén unha función non escrita que **permite conquistar un espazo, pouco urbanizado por distintas causas para a edificación e para a expansión das zonas habitadas. As alamedas supoñen a conquista dun espazo desordenado.**

9. Que elementos aparecen nas alamedas?

Por suposto, as árbores son o elemento principal, pero o **rego tamén é vital** para o seu mantemento, e xeralmente esta necesidade convértese en virtude ao contar con **fontes** que ademais de cumprir cunha función de refresco e ornato, reforzan o carácter axial deste espazo e dótano de fitos emblemáticos cando están decoradas con programas iconográficos.

10. Que especies de árbores adoitan localizarse nas alamedas?

Árbores altas e que proporcionen sombra. É frecuente atopar álamos, plátanos ou carballos, entre outras.

AS ALAMEDAS EN GALICIA

- 1. *Como deberíamos considerar as alamedas, como espazos de tránsito, como espazos de estancia ou como ambas cousas á vez?***

Como ambas cousas á vez, xa que aúnan ser un espazo de circulación e de estancia, sen deixar nunca que predomine unha sobre a outra. Aínda que as veces poidamos ter a impresión dun espazo urbano pensado só para ser percorrido, dunha simple avenida arborada, a alameda decimonónica posúe tamén un carácter estancial, case de praza alongada, reforzado en cada momento polos equipamentos e o mobiliario urbano.

- 2. *As alamedas, as veces, están ubicadas entre espazos de diferente natureza, servindo de nexo entre ambos, cres que a alameda de Pontevedra cumpre esa función? Por que?***

Sí, xa que cumpre a función de nexo entre o centro histórico da vila e outros barrios que, na súa orixe, situábanse extramuros.

- 3. *No caso da alameda de Vigo, entre que zonas da cidade está? Pescuda que significa no urbanismo español a palabra ensanche. Pescuda tamén o tipo de actividade que había no barrio do Areal.***

Está entre o barrio do Areal, o ensanche Olloqui e o inicio do centro histórico de Vigo.

Os ensanches constitúen un dos medios fundamentais de reordenación urbana durante o século XIX; pretendían dar solución, de forma organizada, á escaseza de solo urbanizable no momento en que as cidades comezaban a crecer.

O barrio do Areal era, na súa orixe, un barrio de pescadores locais, no que, durante a segunda metade do século XVIII, comezouse a desenvolver a industria da salazón e, máis tarde, a das conservas.

- 4. *Aclara a frase: "as veces as alamedas son unha unión entre cidade e territorio". A alameda de A Coruña foi creada sobre terreo gañado ao mar. Cres que podería ser un bo exemplo desa unión entre cidade e territorio?***

A frase quere dicir que a alameda formará parte da paisaxe e contribuirá a definir a unión de cidade e territorio; a alameda representará a conquista urbana da natureza ao integrala nun xardín público.

Sí, penso que sería un bo exemplo.

- 5. *Que elementos son comúns en todas as alamedas en Galicia?***

As árbores, as fontes, os kioscos ou os palcos de música, conxuntos escultóricos, farolas, os bancos...

6. *Que diferencia sutil pode haber entre as áreas verdes das cidades e as antigas alamedas?*

A zona verde podemos considerala como unha tipoloxía nova enfocada a resolver o tempo de lecer dunha sociedade masificada; conxuga estruturas diversas como o paseo, o recreo de nenos, o parque ou as zonas deportivas, mentres que a alameda sería un elemento parcial dun elemento máis complexo, que é a área verde.

7. *Cal é o estilo artístico dos palcos de música existentes nas alamedas de Galicia? Pescuda na rede que características ten este estilo*

Estilo modernista. O modernismo é un movemento de carácter internacional-con variantes rexionais- que se da entre a última década do século XIX e as primeiras do XX. Afecta fundamentalmente á arquitectura e ás artes decorativas e xorde como un intento de atopar un estilo moderno, adecuado aos novos tempos. Baséase na creatividade do artista, reivindica a imaxinación e a fantasía e inspírase na natureza. Trátase dun estilo típicamente urbano e burgués, que revaloriza a produción artesanal, os materiais caros e ten un importante componente ornamental, sen renunciar ás posibilidades de comodidade e funcionalidade. Valora a asimetría, a irregularidade, as formas orgánicas, os elementos naturais e exóticos e pretende converterse nunha arte total.

8. *En moitos casos estas alamedas enriqueceron as especies de árbores presentes converténdose en auténticos xardíns botánicos. Poderías enumerar algunhas especies presentes nas alamedas de Galicia.*

Álamos, plátanos, carballos, tilos, chopos, acacias, casuarinas, etc.

9. *Por que di que a alameda de Ferrol é un diálogo entre a cidade civil e a militar?*

Porque está situada entre o barrio da Magdalena, que é un espacio civil, e as instalacións militares.

10. *As fontes é outro elemento presente en moitas alamedas. De onde procede a de Ourense?*

Do Mosteiro de Oseira.

A ALAMEDA DE PONTEVEDRA

1. *O lugar que máis tarde ocuparía a alameda estaba dentro da cidade amurallada ou extramuros?*

Extramuros.

2. *Que era o espazo da alameda en orixe? Por que lle chamaban o Campo da Verdade e Campo das Rodas? Pescuda a relación que houbo entre a orde dos dominicos e a Sta. Inquisición.*

As primeiras referencias históricas deste espazo hai que relacionalas coa localización do **mosteiro dos dominicos (1285)** no denominado **Campo da Verdade**. Chamábanlle así porque era o lugar onde se producían as execucións dos reos en virtude das sentencias xudiciais. Recibiu tamén a denominación de **Campo das Rodas**, xa que era alí onde traballaban os cordeiros coas súas rodas, polo que pagaban un cativo canon ao convento dominico.

Aínda que o procedemento inquisitorial como medio para combatir a herexía é unha práctica antiga da Igrexa, a Inquisición episcopal (primeira forma da inquisición medieval) foi establecida no 1184 polo papa Lucio III para rematar coa herexía cátara. No 1231, ante o fracaso da Inquisición episcopal, Gregorio IX creou a Inquisición pontificia, dirixida directamente polo Papa. Foi Gregorio IX o que lles encomendou aos dominicos a persecución dos herexes. Pola súa acérrima dedicación a esta tarefa, pronto recibiron o nome de *Domini Canes* ("cans do Señor").

A Inquisición pontificia é, polo tanto, un reflexo da ambición dos Papas de atribuírse a plenitude de poderes e foron os papas, ao longo dos tres primeiros séculos de vida da institución, os que nomearon a algúns dominicos para exercer a actividade xudicial e represiva que pretendían levar a cabo.

3. *Vendo o plano de Coello de 1856, que había rodeando á alameda? Que hai hoxe nese espazo que rodea á alameda? Pescuda que había onde hoxe está o paseo das Palmeiras.*

Rodeando á Alameda estaría o Campo de Santo Domingo. No espazo que rodea á Alameda está hoxe a Avda. de Montero Ríos, con diferentes edificios, como o instituto Valle Inclán e a Deputación. O paseo das Palmeiras eran terreos que pertencían ao vello Campo de Santo Domingo e alí celebrouse durante moitos anos a Feira de Gando, ata o seu traslado á Praza de Barcelos.

4. *Que conectaría a apertura das rúas Nova de Arriba e Nova de Abaixo?*

Conectaría a Alameda co barrio da Moureira.

5. Poderíamos dicir que a alameda é un elemento de transición entre a cidade amurallada, burguesa, e o barrio da Moureira?

Sí, xa que comunicaba o recinto da vila co devandito barrio.

6. *Pescuda no significado da palabra Maestranza. Olla nesta ligazón: A que función estivo destinada este edificio. Na actualidade que alberga?*

O termo maestranza designa a unha asociación de cabaleiros que teñen por obxecto exercitarse na equitación e que, na súa orixe, foi escola do manexo das armas a cabalo. Tamén é o conxunto de talleres e oficiñas destinados á artillería. A Real Casa da Maestranza, en Pontevedra, foi orixinalmente construída durante a segunda metade do século XVII con material pétreo procedente da demolición de casas na Moureira. Tratábase dunha edificación dunha única planta que contaba con catro ás e un amplo patio central, e cuxa función inicial era dar aloxamento aos soldados en tránsito durante a época da guerra con Portugal (1640-1668). En 1719 foi destruída polos ingleses, o que obrigou a redistribuír aos soldados en diversos cuarteis da cidade ata a súa reconstrución no ano 1738. Posteriormente sufriu diversas reformas e ampliacións, sendo ademais utilizada como fábrica de fusiles durante a guerra de Independencia. A finais do século XIX o seu estado era ruinoso, polo que decidiuse o seu derribo para proceder á construción do novo cuartel de San Fernando, que se levantaría sobre a planta do vello inmueble. Na actualidade alberga a Facultade de Belas Artes.

7. *A alameda foi o lugar elixido para albergar a Exposición Rexional. Pescuda sobre o obxecto destas exposicións.*

En 1880, coincidindo coa finalización das obras do novo edificio municipal, prodúcese a celebración da **Exposición Rexional** que tivo na alameda un dos lugares de instalación dos pavillóns. O obxecto era exhibir canto se producía e transformaba en Galicia, invitando tamén a todas as provincias de España. Tratábase dunha exposición rexional, artística, industrial, agrícola e pecuaria.

8. *Pescuda sobre o arquitecto municipal Alejandro Rodríguez- Sesmero González. Pescuda sobre as súas obras na nosa cidade.*

Alejandro Rodríguez-Sesmero González (Xixón, 1843 - Córdoba, Arxentina, 1913) foi un maestro de obras que traballou en Galicia. No 1876 toma posesión da praza de arquitecto municipal interino de Pontevedra, cargo que -segundo a lexislación- non debera ocupar por estar reservado para arquitectos titulados. En Pontevedra proxectou a expansión urbana cara ao exterior, logo de ser derrubada a muralla medieval, deseñando e aliñando os viales hacia Ourense, Marín, Vigo e as rúas García Camba, Riestra, Sagasta, Andrés Muruais, Andrés Mellado ou Fernández Villaverde. A él débémolle a Casa Consistorial, a avenida de Santa María, o palacete de Mendoza, a Alameda e o parque das Palmeiras, o cemiterio de San Mauro, os depósitos da traída de augas en San Mauro e as fontes no casco urbano, o Pazo da Deputación (xunto co seu pai), un colexio que hoxe é o edificio da Subdelegación de Defensa, o Mercado Municipal e a reforma da capela da Virxe do Camiño. En 1880 foille concedida a Cruz

da Real Orde de Carlos III. En 1887 parte da corporación local propuxo a súa designación como arquitecto municipal, mais a idea non saíu adiante porque non tiña o título oficial de arquitecto. Decepcionado por isto, dimitiu do seu posto e solicitou a legalización do título ante a Dirección Xeral de Instrución Pública. Unha vez acadado, abandonou á súa familia e no 1889 marchou a Arxentina, onde compaxinou a docencia na Universidade de Córdoba co deseño de edificios públicos.

9. *Que cambios produce, no lado sur da alameda, o paso do ferrocarril? Pescuda cando chega o ferrocarril a Pontevedra. Con que retraso chega o tren á nosa cidade respecto ao inicio deste medio de transporte en España.*

A chegada do ferrocarril vai ocasionar cambios na fisonomía da alameda. Unha trinchera separará a alameda do barrio das Corbaceiras. Prodúcese a apertura dunha nova rúa, Colón, e a construción dun muro de contención no fondo da Alameda. Na contorna da alameda edifícase a **Escola de Artes e Oficios** e ábrese a Gran Vía de Montero Ríos.

Novas rúas xurden na contorna da alameda: Echegaray, Avda. Raiña Vitoria, Xeneral Martitegui.

O tren entraría por primeira vez en Pontevedra, nunha viaxe de proba, durante a mañá do 16 de maio de 1884. A estación estaba situada no que hoxe é a Praza de Galicia.



Fotografía da chegada da primeira locomotora a Pontevedra o 16 de maio de 1884 tomada polo fotógrafo Zagala. Fotografía: Museo de Pontevedra

A partir dese día sucedéronse as noticias sobre a posible data de inauguración do tramo. Previsto nun primeiro momento para o 20 de maio, posteriormente para mediados de xuño, finalmente retrasouse ata o 30 dese mesmo mes de 1884.

O primeiro ferrocarril español construíuse en Cuba en 1837 (por aquel entón era provincia española) e correspondería á liña La Habana-Güines. Uns anos máis tarde, no 1848, na península Ibérica construíuse a liña de Barcelona a Mataró. A partir desa data

prodúcese unha rápida expansión coa construción de numerosas vías de ferrocarril.(p.ex.Madrid-Aranjuez no 1851, Langreo-Gijón no 1852 ou Jérez de la Frontera-Puerto Real no 1854, entre outros).

10. *A alameda era un punto de encontro e de paseo, pero que acontecía coas persoas que alí se congregaban? Por que cres que pasaba isto?*

As diferentes clases sociais acodían ao paseo da Alameda distribuídas sen mesturarse. A zona máis próxima ao palco da música estaba reservada para persoal doméstico e soldados. O seguinte paseo era utilizado polos artesáns e modistas e os dous restantes, os máis próximos ao kiosco-café, estaban frecuentados polos “señoritos”. Creo que isto sucedía porque a sociedade de clases, a pesar de ser máis aberta que a estamental e de conceder maior liberdade aos individuos, mantiña profundas desigualdades baseadas na riqueza e na propiedade.

La sociedad de clases, más abierta y permeable que la estamental, concedía mayor grado de libertad a los individuos, pero al tiempo mantenía profundas desigualdades, cimentadas no sobre la ley o la tradición, sino sobre la riqueza y la propiedade.

11. *Que opinas das diferentes transformacións das rúas que arrodean a alameda?*

A transformación dalgunhas delas gústame, xa que hai casos nos que as rúas fixéronse máis amplas e peatonalizáronse, respondendo ás novas necesidades, pero noutros casos (como os de Rúa Nova de Abaixo) paréceme unha mágoa que se perdesse o carácter que tiñan no pasado.